

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

Aprobación das bases do Programa FOCVAA/2024

Por acordo da Xunta de Goberno do 20 de outubro de 2023, aprobáronse as *Bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de programas sociosanitarios no ano 2024*, que se transcriben deseguido:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O MANTEMENTO DE PROGRAMAS SOCIOSANITARIOS NO ANO 2024

Datos do programa:

Unidade xestora	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección	Sección de Servizos Sociais
Anualidade	2024
Denominación	Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o mantemento de programas sociosanitarios no ano 2024
Beneficiarios	Entidades sen ánimo de lucro con sede social na provincia da Coruña ou que desenvolvan a súa actividade na mesma
Programa	Mantemento: FOCVAA/2024
Aplicación orzamentaria	0611/23121/481
Importe da convocatoria	500.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria
Importe do orzamento de gastos	Máximo 100.000 €, mínimo 1.250 €
Importe da subvención que se vai conceder	De 1.000 € a 40.000 €
Importe solicitado	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionable
Coefficiente de financiamento	Variable do 0,20 ao 0,80
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na disposición adicional das Bases Xerais.

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 34561 do 14 de setembro de 2023 (BOP número 178, luns, 18 de setembro de 2023).

2. BASES ESPECÍFICAS

Base 1. Obxectivos e réxime xurídico específico

1.1.- Obxectivos

O obxectivo da convocatoria é o apoio as entidades sen ánimo de lucro para a realización de servizos, programas ou actividades de carácter sociosanitario que contribúen á mellorar a calidade de vida da comunidade en xeral e de colectivos con necesidades especiais de carácter social ou sanitario.

1.2.- Réxime xurídico específico

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- Decreto 77/2001, do 29 de marzo, sobre centros, servizos e establecementos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia

E demais disposicións legais sectoriais de desenvolvemento.

Base 2. Obxecto**2.1.- Servizos, programas e actividades subvencionadas**

A atención sociosanitaria é aquela que vincula os cuidados sanitarios e sociais como resposta a necesidades de saúde e non constitúen servizos sociais específicos ou especializados. Con este fin poden subvencionarse servizos, programas ou actividades de carácter sociosanitario dirixidos a:

1. Persoas enfermas, xeralmente crónicas, que polas súas especiais características poden beneficiarse da atención simultánea e sinérxica dos servizos sanitarios e sociais para aumentar a súa autonomía, paliar as súas limitacións, favorecer a rehabilitación e a súa integración social.
2. Familiares.
3. Público en xeral. Só no caso de levarse a cabo programas de carácter preventivo e/ou informativo-divulgativo

Serán obxecto desta convocatoria os programas ou accións contemplados nesta base que dirixan a súa atención a: Persoas transplantadas, persoas con enfermidades pulmonares, renais, reumatolóxicas, neurodexenerativas, neurolóxicas, raras, de cancro, linfedema - lipedema e outras patoloxías vasculares crónicas, diabetes, hemofilia, trastorno da conduta alimentaria, trastorno por déficit de atención e hiperactividade, afectadas por patoloxías odontolóxicas ou outras patoloxías crónicas ou agudas importantes que precisan cuidados prolongados e rehabilitación.

Poderase solicitar un só código e un só tipo de programa dos enmarcados en cada código.

A denominación do obxecto da subvención recollido na solicitude deberá reflectir correctamente o seu contido, indicando código, nome do programa que corresponda co código, e título do seu programa (Exemplo: AP-1 Terapias de rehabilitación. Fisioterapia e rehabilitación postural). De non ser así, poderá modificala de oficio a Sección de Servizos Sociais. A denominación modificada será a que figure nas resolucións de concesión.

A Sección de Servizos Sociais poderá remitir as peticións ao código correspondente dentro da mesma convocatoria cando se estime que a solicitude está mal presentada.

No caso de que se estime que a petición encaixa noutra convocatoria da Sección de Servizos Sociais poderase realizar de oficio o cambio, despois do consentimento da entidade interesada.

PROGRAMAS DE PROYECCIÓN COMUNITARIA, DE CARÁCTER PREVENTIVO, INFORMATIVO-DIVULGATIVO E/OU FORMATIVOS DIRIXIDOS TANTO A COLECTIVOS DE PERSOAS CUNHA ENFERMIDADE COMO AOS SEUS FAMILIARES, E/OU Á POBOACIÓN EN XERAL.

Códigos:

- a. **PC-1** Charlas, foros, publicacións e campañas de sensibilización
- b. **PC-2** Programas formativos, xornadas técnicas, seminarios, congresos ou cursos

PROGRAMAS DE APOIO PERSOAL DIRIXIDOS A COLECTIVOS DE PERSOAS CUNHA ENFERMIDADE E AOS SEUS FAMILIARES PARA TRATAR AS ENFERMIDADES E AS SÚAS CONSECUCIAS.

Códigos:

- **AP-1** Terapias de rehabilitación
- **AP-2** Apoio psicolóxico
- **AP-3** Programas de información/orientación e asesoramento en distintas materias.

Os programas de sensibilización ou de actividades poden constar de campañas de sensibilización, charlas, xornadas, seminarios, congresos, publicidade, etc. Estes programas terán contidos de calidade e serán coherentes cos obxectivos das bases da convocatoria.

Tendo en conta a inclusión da transversalidade de xénero, poderase solicitar como parte de calquera dos programas recollidos na convocatoria, sempre que se estime necesaria a conciliación da vida familiar, persoal e laboral, segundo a natureza da actividade, un servizo específico de conciliación. Valorará a adecuación deste servizo o persoal técnico da Sección de Servizos Sociais.

Quedan excluídos os servizos, programas ou actividades que poidan ter cabida nas convocatorias FOAXE-P ou FOAXE-C.

2.2.- Ámbito temporal

As actividades que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán as que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024. Os xustificantes de gasto deberán ser emitidos nas datas sinaladas no ANEXO II (Relación clasificada de gastos)

De ningún xeito se poderá outorgar unha subvención para executar un proxecto ou actividade que, no momento de presentarse a correspondente solicitude, xa estean completamente executados.

As entidades incluídas no programa non poderán solicitar prórroga nin da execución nin da xustificación da subvención.

Base 3. Gastos subvencionables

3.1.- Gastos subvencionables

Serán subvencionables os gastos derivados unicamente da execución da actividade comprendidos nos conceptos incluídos na táboa de contas que figura deseguido:

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXPENL
600	Compra de bens destinados á actividade (material funxible).
621	Arrendamentos e canons.
623	Servizos de profesionais independentes.
624	Transportes (contratación transporte para usuarios/as, colaboradores ou bens destinados a actividade).
625	Primas de seguros.
627	Publicidade e propaganda.
628	Subministracións.
629	Comunicacións e outros servizos.
640	Soldos e salarios.
642	Seguridade Social a cargo da entidade.
650	Transferencias (axudas monetarias: axudas de emerxencia, subsidios, bolsas, manutención e aloxamento).
653	Compensación de gastos por prestacións de colaboracións (indemnizacións ao voluntariado e outros/as colaboradores/as por gastos de transporte, comida, vestuario, etc. específicos do programa)

• Gastos xerais

Poderanse subvencionar gastos xerais sempre e cando non superen o 15% do importe dos custos directos da actividade puntual, salvo naqueles casos nos que se xustifique, mediante declaración do/a representante legal, que estes gastos se derivan unicamente da execución da actividade, en cuxo caso terán a consideración de gastos directos. A valoración da natureza destes gastos determinaráa o persoal técnico da unidade xestora.

Desta forma, consideraranse gastos xerais, entre outros, os seguintes: os do persoal de servizos xerais (administrativo, contable, limpeza, vixilancia, ordenanzas,...) e gastos correntes (luz, auga, alugueiro, teléfono, internet, aloxamento web, etc.)

• Gastos de manutención e desprazamento

As indemnizacións por desprazamento e manutención deberán contabilizarse do seguinte xeito:

- Cando sexan abonados a persoal propio ou cargos da entidade na conta 629. Outros servizos.
- Cando se abonen a voluntariado e outros colabores na conta 653. Compensación de gastos por prestacións de colaboracións.

Os gastos de desprazamentos en transporte público ou privado concertados con terceiros directamente pola entidade que non se inclúan nos apartados anteriores deberán contabilizarse na conta 624. Transportes

• Gastos de persoal

O persoal subvencionado deberá estar contratado segundo a categoría profesional e posto de traballo que corresponda coas súas funcións.

As retribucións do persoal contratado con perfil administrativo serán consideradas como gasto xeral.

- **Axudas monetarias**

No caso do concepto de gasto 650 a unidade xestora determinará se é ou non subvencionable atendendo ao obxecto solicitado.

3.2.- Gastos excluídos

- Exclúense dos gastos subvencionables obxecto das solicitudes, cando non correspondan cos obxectivos da convocatoria, os seguintes:
 - a) Os referidos a actividades culturais, deportivas e de lecer e tempo libre.
 - b) As axudas monetarias
- Gastos financeiros e comisións bancarias.
- As axudas de custo de contía fixa. Non obstante, subvencionaranse as indemnizacións ao persoal propio ou voluntario derivadas de gastos de desprazamento e manutención propios do programa, debidamente xustificadas conforme as indicacións do ANEXO II (folla de liquidación de axudas de custo) e dentro dos límites exentos de tributación.
- Gastos de materiais audiovisuais cando este non se utilice exclusivamente para a actividade subvencionada.
- Gastos derivados de litixios.
- Gastos derivados de agasallos e atencións protocolarias.
- Gastos derivados da formación de profesionais.
- Sustancias nocivas para a saúde e gastos suntuarios.

Base 4. Compatibilidades e exclusións

A participación neste programa é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A solicitude nesta convocatoria poderá ser compatible coa solicitude noutras convocatorias de subvencións da Deputación da Coruña se así o establecen expresamente as súas bases reguladoras.

Non serán obxecto de subvención as actividades xa subvencionadas pola Deputación da Coruña no mesmo exercicio. Así mesmo, non se poderá financiar o mesmo obxecto cunha subvención de concorrencia e outra nominativa, por seren incompatibles; neste caso, a entidade beneficiaria terá, necesariamente, que renunciar a unha delas.

Entidades excluídas:

- Entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Entidades que utilicen na súa actividade unha linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Base 5. Entidades solicitantes

Poderán solicitar subvención nesta convocatoria as entidades sen ánimo de lucro con sede social na provincia da Coruña ou que desenvolvan actividades na mesma que cumpran os requisitos das bases e os establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

5.1. Rexistro. A entidade deberá cumprir cos seguintes requisitos de rexistro:

- Estar rexistradas como entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (Decreto 254/11, do 23 de decembro, DOG do 20 de xaneiro de 2012).
- No caso das cooperativas sen ánimo de lucro deberán estar rexistradas no Rexistro de Cooperativas da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, como cooperativas sen ánimo de lucro.

As entidades que non estean rexistradas nos termos anteriores, deberán solicitar o rexistro previamente á presentación da solicitude da subvención. No momento de presentar a xustificación deberán acreditar o rexistro efectivo.

5.2. Teren aprobadas as liquidacións ou contas do último exercicio vencido legalmente esixibles.

Base 6. Compromisos e obrigas

Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades subvencionadas, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

Para dar por satisfeito este compromiso a entidade deberá acreditar no momento da xustificación a inclusión do símbolo e logotipo da Deputación da Coruña a través das seguintes **canles de difusión obrigatorias**:

- **No material gráfico, polo menos nun dos seguintes:** Folletos/carteis de difusión da actividade subvencionada ou información feita no local da asociación.
- **Na páxina web e/ou redes sociais.** No caso de que a entidade non dispoña destas deberá facelo constar na xustificación da subvención.

Base 7. Valoración das solicitudes

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas, nomearase unha **comisión técnica**, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria que non teñan relación con ningún dos/as solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos de acordo co seguinte:

Puntuación máxima:	100 PUNTOS
A. Coeficiente de financiamento , segundo a súa definición, recollida nas bases reguladoras. De tal xeito que, a menor coeficiente, meirande puntuación obtería a entidade solicitante.	Ata 30 puntos
B. Antigüidade da entidade desde a súa constitución	Ata 5 puntos
- De 10 a 20 anos	1 punto
- De 21 a 30 anos	3 puntos
- Máis de 30 anos	5 puntos
C. Calidade da entidade	Ata 7 puntos
- Por contar coa Declaración de utilidade pública ou ben ser unha fundación	2 puntos
- Por contar cunha certificación de calidade vixente, acreditada por unha entidade certificadora, obtida nos tres últimos anos anteriores á presentación da solicitude.	3 puntos
- Por contar con premios e/ou recoñecementos outorgados por administracións públicas (nos últimos 10 anos)	2 puntos
D. Estabilidade e continuidade , anos que se leva desenvolvendo o programa para o que solicita subvención	Ata 6 puntos
- De 1 a 5 anos	2 puntos
- De 6 a 15 anos	4 puntos
- Máis de 15 anos	6 puntos
E. Procedencia das persoas usuarias directas do programa solicitado	Ata 5 puntos
- Proceden de dous concellos	1 punto
- Proceden de entre tres e cinco concellos	3 puntos
- Proceden de máis de cinco concellos	5 puntos
F. Concellos nos que se presta o programa solicitado	Ata 5 puntos
- Préstase en dous concellos	1 punto
- Préstase entre tres e cinco concellos	3 puntos
- Préstase en máis de cinco concellos	5 puntos
G. O emprego da lingua galega	Ata 7 puntos
- Presentación da solicitude e toda a súa documentación complementaria en galego	2 puntos
- Compromiso do uso do galego na actividade diaria ou cotiá da entidade	2 puntos
- Polo emprego da lingua galega na páxina web da entidade e/ou nas redes sociais (blogs, facebook, twitter,...)	3 puntos
H. Cesión dun local por parte da Deputación. Ás entidades solicitantes que teñan cedido un local para o desenvolvemento dos seus servizos por parte da Deputación Provincial da Coruña, descontaráselles 3 puntos da puntuación obtida.	Redución de 3 puntos
I. Proxecto técnico (segundo o recollido no Proxecto descritivo xeral da actividade) co seguinte detalle:	Ata 35 puntos
Obxectivos : Pola descrición de obxectivos xerais e específicos adaptados ás necesidades das persoas usuarias e obxectivos específicos operativos e cuantificables	Ata 5 puntos
Metodoloxía :	Ata 10 puntos
- Pola definición das ferramentas, técnicas, e instrumentos, adaptados ás necesidades das persoas usuarias e pola adaptación temporal das actividades previstas aos obxectivos que se han acadar	Ata 5 puntos
- Pola descrición do proceso avaliativo, coa definición de indicadores específicos e cuantificables e ferramentas e instrumentos de avaliación	Ata 5 puntos
Coordinación (interna e externa, con outras entidades de iniciativa social, servizos sociais municipais e/ou con outras administracións a nivel supramunicipal)	Ata 3 puntos
Recursos materiais e técnicos e recursos humanos Por contar con materiais específicos, emprego das novas tecnoloxías para a difusión do proxecto (web, logo, redes sociais...), elaboración de materiais propios, etc etc e contar con persoal especializado en número suficiente para realizar o servizo e/ou actividade	Ata 4 puntos

Transversalidade de xénero: Por contar con medidas específicas de transversalidade de xénero, campañas de sensibilización e prevención, accións formativas, protocolos de actuación, programas/servizos ou medidas específicas de conciliación tanto internas como externas, e polo tratamento de datos desagregados por sexo.	Ata 3 puntos
Calidade técnica: Pola calidade e coherencia xeral do proxecto, desenvolvemento de boas prácticas e accións innovadoras, medidas de atención á diversidade, desenvolvemento estable do programa, copago dos servizos, etc	Ata 10 puntos

Para a valoración das solicitudes terase en conta o seguinte:

- **Datos de valoración:** a valoración da solicitude conforme á anterior ponderación farase de acordo co exposto pola entidade no proxecto técnico achegado e coa información especificada na solicitude no apartado de “Outros datos” onde deberán consignar toda a información requirida na plataforma Subtel.

Para estes efectos aplicaranse de oficio as correccións valorativas necesarias para evitar a asignación de puntos non xustificadas axeitadamente na propia solicitude da entidade.

Co obxecto de favorecer o procedemento de concorrencia competitiva non se lle requirirá a ningunha entidade a ampliación ou modificación dos datos de valoración, salvo que estes sexan necesarios para comprobar que o proxecto se adapta aos requisitos da convocatoria ou para retirar da solicitude as partes do proxecto non subvencionables segundo as bases da convocatoria.

- **Declaración de utilidade pública:** a entidade deberá indicar o diario oficial onde se publicou esta declaración, o número de boletín e a data de publicación. De acordo co punto anterior, logo de revisar o boletín sinalado, procederase a aplicar de oficio as correccións valorativas necesarias para evitar a asignación de puntos non xustificadas axeitadamente

- **Cómputo de anos:** para computar os anos nos criterios de valoración terase en conta a data de fin de prazo de presentación das solicitudes como data de final do período. Cando non se indique a data de inicio do período, non se valorarán os ítems correspondentes.

- **Criterios de valoración dos premios:**

A) Contido do programa premiado: Valoraranse os premios obtidos pola traxectoria da entidade no desenvolvemento de programas en materia de servizos sociais, socio sanitarios e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero

Non se valorarán os premios de carácter persoal obtidos por membros da xunta directiva aínda que sexa en representación da entidade

B) Forma de obtención: Valoraranse aqueles premios outorgados por xurados constituídos por persoas expertas ou declaracións oficiais institucionais.

En caso de dúbida, a valoración queda ao criterio da comisión técnica.

Procedencia das persoas usuarias do **programa/centro** e concellos no que se desenvolverá a actividade: Para valorar estes apartados deberase especificar cada un dos concellos. Non se valorarán outro tipo de referencias xenéricas (comarca, provincia, etc.)

- **Achegas económicas das persoas usuarias:** é finalidade desta Deputación garantir que todas as persoas poidan acceder aos Servizos Sociais aínda que non dispoñan dos medios económicos axeitados ou suficientes para o aboamento dos custos e sen prexuízo da calidade e priorización dos servizos.

Polo tanto e tendo en conta o recollido no art. 56 da Lei 13/2008 dos servizos sociais de Galicia, sobre a achega económica das persoas usuarias ao financiamento dos servizos sociais, a Deputación da Coruña valorará nesta convocatoria, a achega económica das persoas usuarias ao financiamento dos custos dos servizos.

A valoración farase de acordo ás seguintes consideracións:

1. Non se considerará copago a achega da cota de socios/as á entidade prestadora do servizo.
2. Considerase copago a achega económica das persoas usuarias ao financiamento dos custos dos servizos subvencionados.
3. As entidades deberán recoller no proxecto técnico o custo do servizo, así coma os baremos de proporcionalidade que se establezan.

Base 8. Procedemento de concesión e cambios na solicitude

Para a aprobación das achegas do programa procederase previamente a unha concesión provisional e logo do prazo de alegacións a aprobación definitiva.

Neste programa non se admiten cambios de obxecto.

No que se refire aos cambios de concepto de gasto, soamente poderán solicitarse no prazo de 10 días hábiles despois da notificación da resolución de concesión provisional e, no seu caso, aprobaranse na resolución de concesión definitiva.

En canto ao cambio de lugar de realización da actividade, poderá solicitarse en calquera momento, antes do inicio da execución do programa.

Todos estes cambios deberán de ser aprobados pola Deputación despois do informe do persoal técnico.

Base 9. Prazo de xustificación

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2025**, ás 14:00 horas.

Base 10. Transversalidade de xénero

A transversalidade de xénero supón a aplicación do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, de tal modo que se garanta o acceso das persoas en igualdade de condicións, se planifiquen as actuacións tendo en conta as desigualdades existentes e se identifiquen e avalíen os resultados producidos para o avance na igualdade real.

Terase en conta para a valoración xeral dos proxectos a inclusión do principio de transversalidade de xénero coa finalidade de fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A inclusión do principio de transversalidade poderá realizarse en cada unha das fases do proxecto. Poderá incluírse a través de: utilización dunha linguaxe non sexista así como no material editado e/ou empregado para a realización da actividade, incluíndo algunha actividade específica de igualdade (formativa, de sensibilización, etc.) dentro do programa solicitado, a través da definición de obxectivos xerais ou específicos en relación coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a través da formulación de indicadores avaliativos en relación co fomento da igualdade de xénero, mediante a obtención de datos desagregados por sexo, etc.

A descrición da inclusión do principio de transversalidade de xénero no programa solicitado realizarase a través do impreso correspondente.

Disposición adicional primeira

A presentación dunha solicitude de subvención supón a aceptación das correspondentes bases reguladoras.

Disposición adicional segunda

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

Disposición final

As presentes bases están condicionadas á aprobación definitiva do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial da Coruña 2024. En consecuencia non poderá adoptarse acto ou acordo que implique directa ou indirectamente a concesión da subvención, nin polo tanto o compromiso ou disposición do gasto, ata que non se acredite a aprobación do dito Plan Estratéxico de Subvencións.

3. ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I. Documentación da solicitude.

- Declaración de estar **legalmente constituída** antes de presentar a solicitude, de dispor de **estatutos** debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.
- Certificación do **acordo de solicitude e do nomeamento da persoa representante** para a relación coa Deputación.
- **Acreditación da delegación da Presidencia** ou persoa en quen delegue na que se especifique o alcance desta delegación.
- Solicitude de autorización, se procede, en caso de que a persoa solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con **persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade**, (segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei Xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta Lei aprobado por RD 887/20016, do 21 de xullo)

- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o **contacto habitual con menores de idade**, certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.

No caso de que a realización das actividades **non** implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso.

- No caso de asociacións, certificación do **número de socios/as da entidade**.
- **Certificacións** das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Declaración de **non estar incursa en ningunha das prohibicións** previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Declaración do emprego da **lingua galega** na presentación, desenvolvemento e difusión social do proxecto.
- **Certificación da relación das persoas que desempeñan os cargos** dos órganos da entidade.
- **Proxecto descritivo xeral** da actividade que se vai realizar e que se ha cubrir segundo o modelo fornecido pola Deputación. Deberán achegarse todos os datos para os efectos de valoración da solicitude. Non se valorarán aqueles apartados que non sexan cubertos.
- **Orzamento estimado dos gastos e declaración doutros ingresos** ou subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto. Estes ingresos e gastos, malia que estean integrados no orzamento xeral da entidade, deberán ser obxecto dun seguimento contable específico.

Cando no orzamento da solicitude se sinalen como específicos gastos que puideran ter a consideración de xerais deberá de achegarse unha declaración de que estes gastos se destinan exclusivamente ao programa financiado e motivar esta circunstancia.

- No caso de agrupacións de entidades (federacións, confederacións,...) deberán achegar unha listaxe das entidades beneficiarias das actividades para as que solicitan a achega. Tamén deberán achegar esta listaxe as entidades que presten servizos a outras ou aos seus usuarios/as con cargo á achega da Deputación.
- Declaración de teren aprobadas as liquidacións ou contas do último exercicio vencido legalmente esixibles.

Poderase requirir calquera outra documentación complementaria para a tramitación ou valoración da solicitude de acordo con estas bases.

ANEXO II-Documentación da xustificación

- **Certificacións** das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

- **Certificación dos gastos realizados.** Deberá asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade respectiva. Este documento deberá descargarse dende a plataforma SUBTEL logo de ter completada na mesma a **“Relación de gastos”** cos datos dos xustificantes de gasto.

- **Relación clasificada dos gastos realizados,** agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, na que se indique se é o caso as desviacións acaecidas e se detalle a codificación contable que lles resulte aplicable. Nesta relación figurará a identificación da persoa acreedora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e, se é o caso, o efectivamente pagado, así como, se procede, os posibles descontos fiscais.

Esta relación cubrirase na plataforma Subtel tendo en conta o seguinte:

- Unicamente se admitirán xustificantes de gastos correspondentes a actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.
 - No caso de proxectos subvencionados en anos sucesivos, presentarase unha declaración de que os xustificantes que se achegan son distintos dos xa presentados en exercicios anteriores
 - Non obstante, naqueles casos nos que o gasto fose realizado no final do período da convocatoria de subvencións poderán admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos ata o día 16 do mes de xaneiro de 2025.
- No suposto de que a subvención se xustifique con **gastos de persoal**, indicarse, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.
- No caso excepcional de **axudas de emerxencia** ou indemnizacións a persoas físicas nas que proceda aplicar especial protección da súa identidade segundo a normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, só se indicará o NIF ou número do documento identificativo da persoa perceptora como dato identificador. Cando na relación clasificada de gastos apareza o pagamento de axudas de emerxencia en especie, deberá engadirse ao concepto do gasto o NIF ou número do documento identificativo da persoa perceptora. Deberanse ter en conta as seguintes fórmulas:
 - Dado un DNI con formato 12345678X, publicaranse os díxitos que ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima. No exemplo: ***4567**.
 - Dado un NIE con formato L1234567X, publicaranse os díxitos que ocupen as posicións, evitando o primeiro carácter alfabético, cuarta, quinta, sexta e sétima. No exemplo: ****4567*.
 - Dado un pasaporte con formato ABC123456, ao ter só seis cifras, publicaranse os díxitos que ocupen as últimas posicións, evitando os tres caracteres alfabéticos, terceira, cuarta, quinta e sexta. No exemplo: *****3456.
 - Dado outro tipo de identificación, sempre que esa identificación conteña polo menos 7 díxitos numéricos, numeraranse estes díxitos de esquerda a dereita, evitando todos os caracteres alfabéticos, e seguirase o procedemento de publicar aqueles caracteres numéricos que ocupen as posicións cuarta, quinta, sexta e sétima. Por exemplo, no caso dunha identificación como: XY12345678AB, a publicación sería: *****4567***
 - Se ese tipo de identificación é distinto dun pasaporte e ten menos de 7 díxitos numéricos, numeraranse todos os caracteres, alfabéticos incluídos, co mesmo procedemento anterior e seleccionaranse aqueles que ocupen as catro últimas posicións. Por exemplo, no caso dunha identificación como: ABCD123XY, a publicación sería: *****23XY.

Os caracteres alfabéticos, e aqueles numéricos non seleccionados para a súa publicación, substituiranse por un asterisco por cada posición.

- Se na relación clasificada de gastos se inclúen xustificantes derivados de gastos de desprazamento ou manutención nos que o acreedor non sexa a persoa que executou o dito gasto, deberá engadirse ao concepto de gasto o nome, apelidos e NIF desa persoa e achegar a **folla de liquidación de axudas de custo** asinada por ela.

No caso de **gastos indemnizatorios por desprazamentos** en vehículos particulares na folia de liquidación deberá incluír a seguinte información: o itinerario, número de quilómetros percorridos, data, matrícula do vehículo e, no seu caso, número de ticket da peaxe, número de ticket do aparcadoiro.

Os **gastos de manutención** só poderán xustificarse cos datos da factura correspondente.

Na memoria deberá de xustificarse a realización destes gastos.

- **Relación detallada de todos os ingresos** concedidos por outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto. Este documento deberán asinalo as persoas que exerzan a responsabilidade de tesourería e a representación legal da entidade.
- **Declaración de non ter pendente de xustificación ningunha outra axuda da Deputación** na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes
- A entidade indicará se **está ou non exenta do IVE** e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.
- **Modelo de alta dos datos bancarios da entidade**, segundo o modelo aprobado pola Deputación da Coruña e **certificado acreditativo da titularidade da conta emitido** (e asinado electrónicamente) pola entidade bancaria correspondente. En caso de que estes datos xa consten no ficheiro de terceiros da Deputación, non resultará preciso achegar este documento
- Certificación dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida e acreditación gráfica (fotografía ou imaxe) do cumprimento das obrigas de publicidade contempladas na **base 6: compromisos e obrigas específicas**.
- No caso de que **un gasto sexa superior a 15.000 € (IVE excluído) deberá achegar tres orzamentos** solicitados, e a motivación da contratación da empresa seleccionada, segundo o establecido no artigo 31.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- **Memoria das actividades realizadas** e do cumprimento das condicións impostas na concesión, que se cubrirá segundo o modelo fornecido pola Deputación.
- As entidades deberán acreditar o **registro efectivo** correspondente, ao que se refire a base 4.1 no momento de presentar a xustificación, no caso de non telo acreditado con anterioridade.
- No caso de que algunha das actividades executadas pola entidade implicara o contacto habitual con menores, **certificación de que se comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual**, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos (de acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil) ou, pola contra, certificación de que non se executaron este tipo de actividades.
- **Proba documental do cumprimento dos compromisos do uso da lingua galega** adquiridos na solicitude.
- Cando a xustificación se presente fóra de prazo, a entidade poderá recoñecer a súa responsabilidade polo incumprimento do prazo de xustificación da subvención, aceptando a sanción que corresponde segundo o artigo 44 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias. Tamén poderá aceptar o pagamento voluntario por compensación do importe da sanción no pago da subvención antes de que se produza a resolución do procedemento sancionador. Nestes casos a entidade beneficiarase das reducións previstas no artigo 48 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

A Coruña, 20 de outubro de 2023

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria,

Amparo Taboada Gil

2023/8440